

CONVOCATORIA 2021/2022 – DOG 16/06/26

Orde da convocatoria cos impresos na nosa web: <http://centros.edu.xunta.es/credovigo> no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal>) e na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A solicitude (Anexo I) e documentación **presentarase preferentemente na sede electrónica** da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal> (formulario ED306A)

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

PRAZO:

Solicitantes matriculados en BACHARELATO:
Dende o día seguinte da publicación convocatoria ata o 9 de xullo de 2021
Solicitantes matriculados en CICLOS FORMATIVOS:
Dende o día seguinte da publicación convocatoria ata o 2 de agosto de 2021

DOCUMENTACIÓN:

Todo o alumnado:

- Anexo I (solicitude normalizada)
- Xustificante da matrícula do curso 2021/22

O alumnado que solicite praza por primeira vez ou o **alumnado residente sen reserva de praza** deberán achegar xunto co **anexo I** e o **xustificante de matrícula** do curso 2021/22 a seguinte documentación complementaria:

- Anexo II (comprobación de datos)
- Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables¹

Se non ten libro de familia ou se este non reflicte a situación familiar, poderá acreditar o número de membros da familia utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador
- Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia
- Certificado de convivencia da persoa solicitante e os demais membros computables da familia no mesmo domicilio
- Certificado oficial das notas obtidas no curso escolar 2020/21 ou do último curso que realizase
- Certificado do grao de discapacidade de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia
- Documentación xustificativa da exención dos requisitos de non repetir curso ou de non ter abandonado por dúas veces os estudos iniciados
- Documentación acreditativa da concorrencia de circunstancias persoais e familiares moi graves para eximir do requisito de accesibilidade aos estudos desde o lugar de residencia
- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero
- Resolución xudicial xustificativa do acollemento familiar
- Calquera outro documento que consideren conveniente

¹ **MEMBROS COMPUTABLES:** Persoa solicitante, os pais non separados ou divorciados ou representantes legais, persoa que por novo matrimonio ou convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa nai ou co pai do solicitante, os irmáns solteiros menores de 25 anos que dependan dos proxenitores, sempre que convivan no domicilio familiar e irmáns maiores de 18 anos con discapacidade sempre que convivan no domicilio familiar.